

Inma Otero entrevista a Henrique Monteagudo



Henrique Monteagudo (Esteiro —A Coruña—, 1959) é un recoñecido filólogo galego que compaxina a docencia na Universidade de Santiago de Compostela coa a investigación en diferentes ámbitos entre os que destaca a sociolingüística, a historia da lingua, a glotopolítica e a literatura medieval. Así mesmo ten desempeñando diferentes cargos en institucións de relevancia como o Consello da Cultura Galega ou a Real Academia Galega, da que é secretario na actualidade, sen descoidar o seu traballo no equipo que dirixe revistas culturais como *Grial* ou na edición de clásicos da literatura galega. Debido a todo este labor e ás súas numerosas publicacións, Monteagudo é un dos referentes dos estudos lingüísticos galegos.

De todas as facetas ás que se ten dedicado ao longo destes anos, a investigadora, a docente e a institucional, con cal quedaría? Cal considera que pode achegar máis á defensa da lingua?

Persoalmente, coido que a que responde de xeito máis fiel á miña vocación e aos meus intereses é a investigadora. A docencia en xeral gústame, sobre todo polo contacto cos e coas estudantes. O traballo institucional ten facetas que me agradan (organizar actividades, facer publicacións, elaborar estudos e informes) e outras que fago por estrito sentido do deber (representación institucional, reunións, presenza mediática...). Agora, pensando nun plano colectivo, entendo que a que máis pode achegar á defensa da lingua é a institucional.

Un dos empeños que está a levar a cabo a RAG é o de dinamizar a comunicación coa sociedade sobre todo a través da súa páxina web. Cal é a finalidade da potenciación do portal e en que piares se apoia?

A Academia, cos seus servizos (Arquivo, Biblioteca, Hemeroteca, Consultorio) e as súas comisións de traballo (Sociolingüística, Onomástica, Lexicografía, Terminoloxía, Literatura, Gramática, Historia...) realiza un traballo e produce unha cantidade de recursos que adoito carecen da difusión social que merecen e por parte dun aproveitamento óptimo por parte do público. Sabemos que hoxe a rede ofrece unha canle estupenda para conseguir esa difusión. A páxina web da RAG, academia.gal, pretende amosar e poñer en valor o legado que preservan a biblioteca, a hemeroteca, o arquivo e a colección da institución e a actividade científica e de servizo aos usuarios e usuarias que esta desenvolve a diario. O sitio é a principal vía de entrada no Dicionario, que en 2017 superou os 20 millóns de consultas, unha cifra que confirma a súa consolidación coma unha ferramenta cotiá imprescindible da lingua galega, que se complementa con proxectos como o [Portal das Palabras](#) e iniciativas como a escolla popular da palabra do ano. Tamén é posible a consulta dixital dunha morea de publicacións da RAG, mentres que o arquivo ofrece máis de 4.700 documentos dixitalizados a través do Arquivo Dixital de Galicia, outra mostra do empeño da Academia de aproveitar as oportunidades da Rede para facilitar a difusión dos seus fondos e do coñecemento que xera.

Estas e outras iniciativas académicas proxéctanse desde o espazo dedicado á actualidade da Academia (<https://academia.gal/novas>), dentro dunha estratexia de comunicación integral que reforzou a visibilidade das iniciativas da institución nos medios e nas redes sociais, que son ademais unha das canles a través das cales a RAG resolve a diario numerosas consultas lingüísticas. Ademais, a RAG está a procurar ademais un diálogo próximo e profundo coa sociedade a través dunha serie de encontros coas xeracións máis novas que arrincaron o pasado mes de maio da man dos centros educativos que desenvolven o proxecto [21 días co galego](#).

O galego, malia ser lingua minorizada foi abrumadoramente maioritaria no territorio galego. Segundo estudos sociolingüísticos recentes, nos últimos tempos estase a observar unha aceleración da perda de falantes sen precedentes. Está de acordo con esta percepción? De ser así, a que pensa que é debido?

Estou de acordo, entre outras razóns, porque eu mesmo dirixi estudos sociolingüísticos que apuntan nesa dirección. O galego resistiu como lingua maioritaria basicamente na medida en que sectores amplos da poboación se mantiveron en situación precapitalista (chámeselle *subdesenvolvemento* ou *atraso*, se se quere). Unicamente matizaría o de “sen precedentes”: os precedentes existen, e son o longo período da ditadura franquista, que supuxo un terrible golpe para o galego, do que nunca nos demos recuperado. A posta en marcha da autonomía abriu unha fiestra de oportunidade para asociar o galego en positivo co cambio social e dotar a sociedade e ao país das ferramentas para reverter a minorización da lingua e a perda de falantes que xa daquela era moi acentuada. Esa oportunidade foi desaproveitada, e desde 2009 estamos nun retroceso brutal.

Factores relevantes no deterioro da súa situación nas últimas décadas, de arriba abaixo: a) a globalización neoliberal favorece a expansión do inglés e fomenta a *comodificación* (i.e., mercantilización) dos repertorios e competencias lingüísticos; b) o Estado español, os medios de comunicación e a maioría da sociedade española son refractarios ou directamente belixerantes coas linguas cooficiais das nacionalidades, xa que o español é presentado como o único idioma de España; c) os grupos hexemónicos de Galicia na política, a economía, nos medios de comunicación asumen (a) e (b) e consideran que o español e o inglés son o único importante, mentres que o coñecemento e uso do galego son un estorbo; d) os grupos e sectores alternativos non demostraron capacidade para ofrecer propostas positivas e están moi divididos por personalismos, sectarismos e fracturas internas; e) a maioría da sociedade galega atópase entre tépeda e confusa, sen saber moi ben o que ocorre e cara onde camiñar. A consecuencia de todo o devandito é o abandono da transmisión da lingua nas familias, e cando se produce a transmisión, moitas veces vese tronzada porque moitos rapaces e rapazas que reciben o galego na familia carecen de motivacións ou de ocasións de uso suficientes para mantelo na escola, nas súas redes relacionais, na vida social en xeral ou cando acceden ao mercado de traballo. Cando sexan un pouco maiores, se queren recuperar/ transmitir a lingua, atoparanse cos factores a)-c) que llelo farán moi difícil ou imposible. A non ser que todos ou parte relevante deses factores cambien dun xeito decisivo, o futuro pinta escuro.

Podería revertirse a situación cunha política lingüística axeitada? Ou con outro tipo de medidas?

Non o sei con total certeza, pero si sei que debería intentarse, como se está facendo no País Vasco e Cataluña. En concreto, as institucións da Autonomía Galega e moi particularmente a Xunta de Galicia teñen o deber legal, político e moral de tentalo, un deber ao que están faltando de xeito clamoroso. Desde os comezos da Autonomía, tiña que terse posto en marcha unha política proactiva, que investigase e experimentase na procura das medidas máis eficaces para revertir a minorización e o abandono do galego. Esta debía ser unha das liñas prioritarias de acción da Xunta de Galicia, pero as autoridades non buscaron —e por tanto non conseguiron— un modelo propio, adaptado á nosa situación, de recuperación e impulso do idioma propio. Nunca se fixo. A promoción da lingua continúa a ser vista como cousa literaria ou cultural, nun sentido elitista ou folclorista, non como un reto de modernidade para o conxunto do país. As claves son ben coñecidas: o sistema educativo (onde se deron pasos, pero insuficientes, ás veces torpes, e ultimamente de recúo), os medios de comunicación, as novas tecnoloxías, a infancia e a mocidade, os requisitos do mercado de traballo. E, naturalmente, isto vai unido a un proxecto de país —ou a unha falta del— nos eidos da economía, a organización social, a participación política, a renovación cultural, etc. Se non conseguimos manter a nosa natureza e as nosas paisaxes, se non conseguimos un urbanismo respectuoso co medio e coa xente, se non conseguimos unha sociedade dinámica e non atada ao clientelismo e ao caciquismo, se non temos unha economía que permita que a xente moza se realice vital e profesionalmente aquí non canto de ter que emigrar, se a nosa poboación se avellenta a ritmo acelerado e o noso territorio se desertiza... Como imos conseguir manter o noso idioma?

Cal é a posición da RAG ante estas circunstancias?

O Estatutos da Academia establecen que “é unha institución científica que ten como obxectivo fundamental o estudo da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego”. As súas finalidades fundamentais son “establecer as normas referidas ao uso correcto da lingua galega”, “estudar e propor a restauración da onomástica galega”, “velar polos dereitos do idioma galego”, “defender e promover o idioma galego” e “asesorar os poderes públicos e institucións sobre temas relacionados co uso correcto da lingua e coa súa promoción social”. Isto é, a RAG é unha institución que estuda, que propón, que aconsella, que defende, pero que non goberna, pois carece dos medios e competencias para facelo. Dada a implacable ofensiva contra o galego promovida polos sectores centralistas na política, na sociedade, na cultura, nos medios de comunicación, que se vén intensificando desde os comezos deste século, a RAG fixo e fai todo canto está da súa man para defendelo, incluíndo chamamentos públicos, propostas, reclamacións ás autoridades, apoio a iniciativas parlamentarias e cidadás, asesoramento a empresas, entidades e particulares, publicación de estudos e incluso recursos xudiciais contra as medidas máis claramente lesivas, como o Decreto do Plurilingüismo aprobado pola Xunta de Galicia en 2010. Cos medios que ten e nas circunstancias en que vivimos, coido que pouco máis podería facer.

No ano 2009 produciuse un cambio de goberno na Xunta de Galicia que comportou unha modificación nos orzamentos e organización en Política Lingüística que causou unha grande polémica. Unha desas mudanzas foi a que callou no decreto que reduciu as materias impartidas en lingua galega dentro do ensino. Pensa que repercutiu na diminución do uso do galego entre as persoas máis novas? Que papel ten a educación nos usos lingüísticos?

É obvio que o uso da lingua por parte da poboación escolar e estudantil non depende unicamente do maior ou menor uso do galego ou o castelán como idiomas vehiculares, pero non é menos obvio que o maior uso do galego no ámbito educativo inflúe na competencia que os e as estudantes obteñen nel, nas ocasións que teñen para utilizalo e na percepción social da súa utilidade. O efecto non é simétrico para o galego e o castelán: por razóns evidentes –e ben estudadas noutros contextos de bilingüismo disimétrico– a competencia en castelán e a percepción social da súa utilidade vense moito menos afectadas polo seu uso vehicular no ensino do que o que lle acontece ao galego. Ou sexa: falando en xeral, máis galego no ensino beneficia moito ao galego e non prexudica nada ao castelán, pero menos galego no ensino prexudica moito ao galego e non beneficia nada ao castelán. Por iso, a solución de repartir ao 50% non é nin equitativa nin eficaz para mellorar a situación do galego.

Dito o anterior, cómpre facer tres observacións moi importantes. A primeira, que o sistema educativo non pode servir como ámbito de compensación da postergación social do galego, ou, mellor dito, só pode facelo de xeito moderado. Se a comunidade educativa (profesorado e alumnado) observa unha grande descompensación entre o esforzo de promoción do galego no ensino e o que acontece noutras esferas da vida social, o resultado pode ser non só pobre senón contraproducente. Por tanto, a política lingüística ten que ser coherente e percibida como tal pola sociedade, e en especial polos sectores que se van ver directamente afectados por ela. Unha persoa que non é falante habitual do galego dificilmente vai ter motivación para

aprender nese idioma —co esforzo extra que isto lle esixe— se non percibe que iso lle vai ser útil para o seu desenvolvemento vital e profesional.

Segunda observación. O sistema educativo perdeu moita da súa antiga capacidade “nacionalizadora” ou “inculturizadora”. No século XIX e durante case todo o XX, tivo un enorme poder de moldeamento das actitudes e das competencias lingüísticas (e en xeral, das identidades), hoxe ten bastante menos, xa que existen uns rivais moi poderosos: os medios audiovisuais, e particularmente, os novos medios. A rapazada dedica máis horas e faille máis caso á televisión e os novos trebellos informáticos ca ao que aprende nas aulas. Por tanto, a promoción do galego no medio educativo, para ser eficaz, ten que contemplar tamén a súa presenza neses outros ámbitos.

Terceira observación. O modelo ideal para o galego sería o chamado de “inmersión” —que, por certo, só é de inmersión para os/as castelanfalantes—, isto é, o uso xeral do galego como lingua de docencia. Pero para poñer en marcha un modelo tal cómpre contar cun consenso social moi amplo, sólido e continuado, cousa que en Galicia non existe. Ante a falta disto, coído que o máis razoable é un modelo flexible, que marque un límite mínimo para o galego pero que non un máximo. Antes do Decreto de 2010 había bastantes centros educativos en que o galego tiña unha presenza por riba do 50%, incluso ata o 80%, á que se chegara grazas ao esforzo e compromiso do profesorado e mais ao apoio da comunidade educativa, sen maiores problemas nin conflitos. O Partido Popular, para satisfacer as demandas dos seus apoios sociais nas cidades (basicamente centradas no ensino privado e, en menor medida, concertado), non só reduciu as esixencias de galego para estes sectores, senón que obrigou a diminuír a presenza do galego noutros centros en que esta se asentara sen ningún problema (sobre todo, no ensino público das vilas e do medio rural).

Como ve a situación do galego no marco das linguas minorizadas en Europa? Pensa que existe unha lexislación europea ou unha sensibilidade maior nos últimos anos que as poida favorecer?

Dentro de Europa, o galego é unha das linguas minorizadas territoriais cunha presenza maior na respectiva comunidade, pero o seu recoñecemento non está á altura desa situación, en boa medida por responsabilidade das propias institucións galegas. O marco da Unión Europea, tal como está, non é especialmente favorable nin desfavorable para o galego. Houbo un tempo en que a Comisión aprobou algunhas tímidas medidas de apoio ás lingua minorizadas, pero os conservadores británicos as botaron abaixo no Parlamento europeo e desde aquela, é unha liña esmorecente. Outra cousa é a magnífica *Carta Europea para as Linguas Rexionais e Minorizadas* do Consello de Europa, subscrita por España na súa modalidade máis esixente, que ten a forza de convenio internacional e contempla unha serie de medidas moi interesantes. Lamentablemente, o incumprimento das máis eficaces desas medidas é flagrante, sen que as autoridades españolas e galegas reciban ningún tipo de sanción por iso, salvo as reconvencións das comisións de expertos. Por outra banda, algúns sectores das sociedades europeas gañaron unha maior consciencia da importancia da diversidade lingüística e do valor que as linguas minorizadas teñen no patrimonio cultural europeo. Ademais, o marco europeo crea un espazo de colaboración para as propias minorías lingüísticas e as súas institucións que ten un potencial interesante, pero non suficientemente explotado aínda.

Un dos lugares comúns da lingüística galega é a preocupación polo futuro do idioma. Cal é a súa postura? Hai motivos para o pesimismo?

Moitas veces digo: o pesimismo é un estado de ánimo. Cada vez se oen con maior intensidade mensaxes alarmistas que anuncian a inminente morte da lingua. A min insistir nese tipo de mensaxes non me parece positivo. Non creo que haxa que ocultar a realidade e de cando en vez é conveniente facer soar a alarma, pero hai maneiras de ver e presentar as cousas, e poñer a soar continuamente a alarma non me parece que contribúa a mellorar as expectativas en absoluto. Hai quen dá o galego como finado pero consólase pensando que o futuro está no portugués. Ante este tipo de argumentos, debo dicir que a min non me interesa a lingua en abstracto, interésame a miña comunidade en concreto. Se o pobo galego non é quen de manter a súa lingua, de pouco consolo me vai servir a existencia do portugués, lingua pola que, como irmá do galego, sei que nos pode servir de grande apoio e por tanto valoro moitísimo, pero que, sentíndoa moi próxima, non recoñezo como miña.

Tamén repito moitas veces que os sociolingüistas non somos profetas nin adiviños. Teño a certeza de que a miña xeración non verá morrer o galego, pero dubido moito, cos datos na man, de que os nosos fillos e fillas poidan — no caso de que queiran ou as circunstancias llelo permitan— conseguir transmitilo á xeración seguinte. Na resposta que dei antes a outra pregunta enumerei os factores que me parecían máis relevantes para o mantemento ou abandono do galego. Coido que algúns deles poden mudar en sentido positivo, de maneira que aumenten as perspectivas de manter ou incrementar a vitalidade do noso idioma, pero vivimos nun período histórico moi volátil e estamos mergullados nunha enorme incerteza cara ao porvir. O peor que podemos facer é abandonar a esperanza e deixarnos levar polo vento da historia coma follas caídas dunha árbore murcha. A pesar de todo, a situación do idioma é reversible, e un non pode deixar de confiar na capacidade de reacción non só da sociedade galega, senón da sociedade española e dos pobos de Europa e do mundo enteiro contra un modelo económico e social desastroso para a inmensa maioría, para a nosa especie como tal e para o planeta en que vivimos. Outro mundo e outro futuro son posibles e nel a diversidade lingüística será apreciada como un tesouro.